



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO
(Pontevedra)

Secretaría

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE, NÚMERO CATROCENTOS SETENTA E NOVE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás oito horas e trinta minutos do vinte de decembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D^a. Alicia Martínez González, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. Angel Moldes Martínez, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D. Manuel Domínguez Alvarez, D. Alberto Villaverde Méndez e D. Gregorio L. Agís Gómez; a interventora municipal, D^a. Olga Fernández Rodríguez, actuando como secretaria, D^a Paula Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria urxente correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3763.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCIZO 2013.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para explicar de forma motivada aos asistentes a razón da convocatoria de pleno para primeira hora da mañá para os efectos de poder remitir cando antes ao BOP de Pontevedra, anuncio relativo á adopción, no seu caso, de acordo de aprobación da modificación das ordenanzas fiscais e conciliar as actividades laborais e profesionais dos distintos concelleiros/as.

Antes de entrar na análise do expediente, o Presidente somete a consideracións dos membros corporativos asistentes a ratificación da urxencia da convocatoria nos termos fixados no decreto notificado, nos termos xa comentados: poder cumprimentar con todos os trámites marcados na normativa aplicable antes do 31 de decembro de 2012 para os efectos da entrada en vigor da modificación das ordenanzas fiscais a 1 de xaneiro de 2013.

Sometido a votación ordinaria, por oito votos a favor (7 grupo municipal BNG e 1 grupo municipal PSOE) e catro votos a en contra (4 grupo municipal PP), queda apreciada e ratificada a urxencia da convocatoria.

A continuación a secretaria da lectura ao ditame adoptado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e contas en sesión celebrada con data 17 de decembro de 2012:

"6.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS.- Dáse conta do expediente no que se pode comprobar que, no período de 15 días de información pública a contar do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 8 de novembro de 2012 nº 215, para audiencia aos interesados e presentación das oportunas alegacións, con data 30 de novembro de 2012 ten entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio escrito asinado por quenes dicen ser presidentes das Asociacións de Veciños de Raxó, Combarro, San Martiño, Campelo, San Salvador, Pereiro, Samieira, Muiño e Vilanova.

Habéndose comprobado que algunhas das asociacións mencionadas non figuran inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Poio e da existencia de deficiencias formais, outogóuselles un prazo non superior de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel e da practica da notificación, pa a emenda das incidencias detectadas.

Transcorrido dito prazo e con datas 10 e 13 de decembro de 2012, presentase no Rexistro Xeral deste Concello de Poio alegacións da Asociación de Veciños de Campelo e da Asociación de Veciños San José do Pereiro, respectivamente, mostrando a súa disconformidade coa da subida das taxas municipais carecendo de calquer tipo de motivación ou fundamento técnico ou xurídico máis alá da súa oposición ao acordo municipal.

Obra no expediente informe de intervención de data 13 de decembro de 2012.

O Sr. Barreiro Lubián di que entende que deben desestimarse as alegacións presentadas por carecer de motivación ou xustificación ningunha, debendo convocar un Pleno extraordinario para poder publicar o texto da

modificación antes do 31 de decembro de 2012, para os efectos da súa entrada en vigor a 1 de xaneiro de 2013.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que van manter a mesma votación que no Pleno en sesión ordinaria realizado o día 30 de outubro de 2012.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente a desestimación das alegacións presentadas e propor ao Pleno a aprobación definitiva do expediente de modificación e que se sigan os trámite legais correspondentes."

Inicia o debate o concelleiro de facenda reiterando que a reclamación presentada no período de información pública non ven acompañado de consideracións ou argumentos técnicos, económicos ou xurídicos que xustifiquen unha revisión do acordo adoptado con data 30 de outubro de 2012 máis alá de manifestar a súa oposición ao mesmo. Comprende que a situación económica non é a mellor máis a repercusión que o incremento das taxas terá nas familias e veciños de Poio non chegará aos 10 euros anuais. Polo que non acadando tan so o 3,36 % respecto á do ano anterior, non pode fálarse de "mazazo".

Pola contra, se teñen adoptados por outras administracións incrementos moi superiores, citando como exemplo o canon de saneamento da Xunta de Galicia que importa 12,20 euros ao ano, e a subida do iver, sen que producise ningunha oposición a salvo a elevada a consideración plenaria mediante moción na que varios grupos municipais deixaron patente a súa disconformidade e outros, non.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal PP quen explica unha vez máis que o sentido do seu voto ven xustificado no actual escenario de crise económica e engade que pese a que o escrito das asociacións de veciños non dean adecuado cumprimento a todos os requisitos formais ou xurídicos, non dubidando do criterio técnico, se deixa claro o seu fondo: dicir non á subida e por de manifesto que os servizos afectados non se prestan en adecuadas condicións.

Neste momento entra no salón a concelleira D^a Consuelo Besada Lores.

D. Ángel Moldes sinala que a omisión de requisitos formais ou xurídicos non lle impediú ao equipo de goberno utilizar as representacións de veciños para acudir á Xunta de Galicia.

As taxas estiveron conxeladas durante os dous anos anteriores, máis no ano 2009 o incremento superior o IPC. Hai que buscar outros métodos que permitan non incrementar o déficit dos servizos sen afectar aos veciños. O seu grupo non se opón á subida de impostos necesarios para soste o estado do benestar pero sí a que se faga neste momento.

D. Xulio Barreiro respóndelle que de non facelo agora e esperar, e pon un período de 5 anos, o déficit acumulado será de tal magnitude que crebaría o concello. Xa que fala do fondo do escrito veciñal, non de pode descoñecer que non se comprendeu adecuadamente o fondo do asunto e volve a utilizar a comparativa entre os 10 euros anuais que supón o incremento das taxas en 10 euros ao ano e a repercusión do incremento do canon de saneamento de forma que a recadación ao trimestre por tal concepto no concello de Poio pasou de 15.000,00 euros ao trimestre a case o triple. E tuliza outra magnitude, de forma, que a subida das taxas equivale a que cada mil litros de auga consumidos, deberase abonar 0,10 euros máis. E os veciños son conscientes de que o prezo é barato, tanto que nin sequera lles compensa ter pozo e bombeo.

Polo que dicir simplemente non sen presentar propostas é unha contradición máis do grupo municipal do PP.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal do PSOE e indica que o recurso máis fácil sería precisamente non subir as taxas e seguir a incrementar o déficit, máis considera que tan so son 10 euros ao mes e acusa ao grupo municipal do PP de facer un dobre xogo.

Sabe ademais que a xente si que quere os servizos, pon como exemplo A Escusa, e ante a tesitura de quedarse sen servizos non por incrementar o seu importe, prefire pagar.



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO

(Pontevedra)

Nada lle gustaría máis que existise outra fórmula, polo que por responsabilidade o seu grupo votará a favor do incremento.

D. Ángel Moldes manifesta que non sabe se 10,00 euros son moito ou pouco pero si que as nosas taxas a salvo o Concello de Pontevedra, son os máis altos e en canto ás "fórmulas" entre outras, poderíase revisar o prezo da auga que se paga a Pontevedra ou non asumir os compromisos do convenio con AcuaNorte, no que ata o momento non se sabe canto vai supoñer aos veciños do concello de Poio. Pese a recoñecer que as obras contempladas son necesarias, considera que o concello non posúe capacidade económica para abordar tales compromisos. E segue cunha análise da mala xestión do servizo como a recollida de residuos nos que esta entidade puxo a disposición da concesionaria unha barredora que pagou o concello e dous vehículos e pese a elo segue a ser o máis caro da provincia pero non o de maior calidade de prestación.

O concelleiro de facenda móstrase disconformidade coa comparación con outros concellos como Marín no que no se presta saneamento no rural, e respecto á basura prestase un servizo seis días á semana chegando ata os sete na tempada estival. Non se lle mercou unha barredora a CESPAN senón que foi a adxudicataria a que a adquiriu e o concello incrementou a súa retribución por tal concepto. Actualmente estando xa amortizada, xa non se lle paga por tal concepto.

Respecto do prezo da auga, o importe que se lle pagaba a Pontevedra era en orixe de 31 ptas/m³ e cando foi Alcalde Pedrosa, chegouse a un acordo para que o importe fose de 19 ptas/m³, actualizándose dende aquel momento no IPC. É o que acaba de pagar Marín. Sanxenxo está a utilizar como argumento na súa oposición a oferta presentada en concurso por Espina y Delfín de 13 ptas/m³ 3 se perden o pleito terán que aboar 31 ptas/m³ que era o prezo inicial. O que se abona a Pontevedra supón tan so o 19% do importe total da taxa.

En canto ao convenio con AcuaNorte cada vez que é elevado a consideración de Pleno, as condicións para o concello son máis vantaxosas, polo que non entende a posición do grupo municipal do PP por que a abstención significa non saber qué se quere para os veciños. As obras a acometer mediante dito convenio son necesarias e cando se intentaron negociar con augas de Galicia, miraron para outro lado, e o concello non pode afrontar por si mesmo a inversión. Polo de agora o 76 % dos fondos son europeos e se está a intentar subir dita cifra por recuperar fondos doutros proxectos que non se vai levar á práctica.

Iniciase a continuación un debate entre distintos membros corporativos e o voceiro do grupo municipal do PP solicita a intervención da interventora municipal que aclara que unha cousa é a financiación e outra é a aportación. Si hai unha subvención pero a aportación de AcuaNorte é un adelanto de fondos que despois terá que ser reitegrado anualmente en concepto de compoñente fixa de tarifa e compoñente financeira (préstamo).

D. Xulio Barreiro comenta que o proxecto o elaborará a empresa adxudicataria e polo tanto xa se preocupará de que non existan incrementos.

D. Ángel Moldes ratifícase en que por tanto a aportación de Acuanorte ten un tope máximo e os excesos os asumirá o Concello.

D. Xulio Barreiro resposta que é unha boa oportunidade á que o grupo municipal do PP non deu a súa aprobación.

Rematado o debate e sometido o ditame a votación ordinaria, por nove votos a favor (7 grupo municipal BNG e 2 grupo municipal PSOE) e catro votos a en contra (4 grupo municipal PP), de conformidade co establecido no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o pleno ACORDOU:

Primeiro.- Rexeitar a reclamación presentada con data 30 de novembro de 2012 en representación das

Asociacións de Veciños de Raxó, Combarro, San Martiño, Campelo, San Salvador, Pereiro, Samieira, Muiño e Vilanova, por carecer de fundamento xurídico ou económico ningún.

Segundo.- Prestar aprobación á aprobación definitiva do expediente de modificación das ordenanzas fiscais 2013 segundo a proposta de Alcaldía aprobada inicialmente polo pleno en sesión ordinaria realizada con data 30 de outubro de 2012 quedando redactadas como segue:

1).- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS.

TARIFAS QUE SE PROPOÑÉN PARA A TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO	€/trimestre
GRUPO A SAS DE FESTAS, PUB, CAFETERIAS, BARES E SIMILARES	
CADA 100 M2 OU FRACCION ATA 1000 M2	11,56
CADA 500 M2 ADICIONAIS ATA 5000 M2	4,86
CADA 1000 M2 ADICIONAIS EN ADIANTE	1,63
TASA MINIMA	32,71
GRUPO B GRANDES SUPERFICIES COMERCIAIS (SUPERFICIE SUPERIOR A 1.000 M2)	
CADA 100 M2 OU FRACCION	22,46
GRUPO C SUPERMERCADOS, TENDAS DE ALIMENTACIO, ULTRAMARINOS, FRUTERIAS	
CADA 75 M2 OU FRACCION ATA 1000 M2	19,23
TASA MINIMA	32,58
GRUPO D SOCIEDADES RECREATIVAS	
CADA 50 M2 DE EDIFICIO SOCIAL OU FRACCION	11,82
CADA 500 M2 DE ZONA EXTERIOR OU FRACCION	1,63
TASA MINIMA	48,47
GRUPO E HOTELES, SANATORIOS E CLINICAS EN REXIME DE INTERNADO	
POR CADA HABITACION	3,18
CUOTA MINIMA	48,71
CUOTA MAXIMA	446,6
GRUPO F CASA DE HOSPEDES, PENSIONS, FONDAS, HOSPEDERIAS, HOSTAIS	
POR CADA HABITACION	2,44



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO
(Pontevedra)

CUOTA MINIMA	32,63
CUOTA MAXIMA	446,6
GRUPO G CENTROS CULTURAIS OU DOCENTES	
POR CADA 100 M2 DE EDIFICIO OU FRACCION	8,93
POR CADA 500 M2 DE ZONA EXTERIOR OU FRACCION	1,63
CUOTA MINIMA	29,55
GRUPO H RESTAURANTES	
CADA 75 M2 OU FRACCION ATA 500 M2	25,48
CADA 100 M2 ADICIONAIS OU FRACCION DE 500 A 2500 M2	12,75
CADA 500 M2 OU FRACCION EN ADIANTE	6,31
TASA MINIMA	47,29
GRUPO I TALLERES (CARPINTERIA, MECANICOS, CALZADO, ALUMINIO...)	
GASOLINERAS, INDUSTRIAS EN XERAL (NON DEDICADAS A FABRICACION)	
POR CADA 50 M2 OU FRACCION ATA 1000 M2	9,72
POR CADA 500 M2 QUE EXCEDAN DE 1.000 M2	16,96
TASA MINIMA	19,62
GRUPO J FABRICAS	
CADA 75 M2 OU FRACCION ATA 2500 M2	9,82
CADA 100 M2 OU FRACCION ATA 5000 M2	4,86
CADA 500 M2 OU FRACCION EN ADIANTE	3,26
CUOTA MINIMA	32,58
GRUPO K GARAXES E APARCAMENTOS	
POR CADA 25 M2 OU FRACCION	4,47
TASA MINIMA	8,93
GRUPO L VIVENDAS, APARTAHOTELES	
POR CADA VIVENDA	13,01
GRUPO M PELUQUERIAS, FARMACIAS, DESPACHOS, GESTORIAS, ACADEMIAS DE ENSEÑANZA E PEQUENO COMERCIO EN XERAL	
POR CADA 50 M2 OU FRACCION	4,86
CUOTA MINIMA	9,85

GRUPO N CARNICERIAS, PESCADERIAS, PASTELERIAS, PANADERIAS OU SIMILARES	
CADA 25 M2 OU FRACCION ATA 150 M2	5,89
CADA 50 M2 ADICIONAIS OU FRACCION	2,99
CUOTA MINIMA	23,65
GRUPO O ALMACENS (SÓ ALMACENAXE)	
CADA 100 M2 OU FRACCION ATA 500 M2	7,49
CADA 500 M2 ADICIONAIS OU FRACCION	4,47
CUOTA MINIMA	29,69
GRUPO P VIVEIROS DE PLANTAS E SIMILARES	
CADA 100 M2 OU FRACCION ATA 500 M2	7,49
CADA 500 M2 ADICIONAIS OU FRACCION	4,47
CUOTA MINIMA	29,69
GRUPO R GRANXAS AGRÍCOLAS	
POR CADA EXPLOTACIÓN INFERIOR A 2,000 M2	26,01
POR CADA 500 M2 ADICIONAIS	3,39

As vivendas e establecementos que sen encontraren instalados a distancia superior a 100 m. do punto máis cerca do itinerario establecido verá reducida a súa cota nun 50%.

As vivendas e establecementos que se encontraren instalados a distancia superior a 500 m. do punto máis cerca do itinerario establecido estará exento.

Estas tarifas comezarán a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2013, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2).- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 15 a 19 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola prestación do servizo de Tratamento e Eliminación dos Residuos Sólidos Urbanos.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais,



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO

(Pontevedra)

comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 e 36 da Lei xeral tributaria propietarios de vivendas e locais así como os titulares de actividades comerciais e industriais, situados nos luares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo.

Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

GRUPO A SAS DE FESTAS, PUB, CAFETERIAS, BARES E SIMILARES	€/trimestre
CADA 100 M2 OU FRACCION ATA 1000 M2	13,45
CADA 500 M2 ADICIONAIS ATA 5000 M2	5,65
CADA 1000 M2 ADICIONAIS EN ADIANTE	1,89
TASA MINIMA	38,06
GRUPO B GRANDES SUPERFICIES COMERCIAIS (SUPERFICIE SUPERIOR A 1.000 M2)	
CADA 100 M2 OU FRACCION ATA 10,000 M2	26,14
CADA 100 M2 OU FRACCION ADICIONAIS QUE EXCEDAN DE 10,000 M2	92,11
GRUPO C SUPERMERCADOS, TENDAS DE ALIMENTACIO, ULTRAMARINOS, FRUTERIAS	
CADA 75 M2 OU FRACCION ATA 1000 M2	22,38
TASA MINIMA	37,91
GRUPO D SOCIEDADES RECREATIVAS	
CADA 50 M2 DE EDIFICIO SOCIAL OU FRACCION	13,76
CADA 500 M2 DE ZONA EXTERIOR OU FRACCION	1,89
TASA MINIMA	56,4
GRUPO E HOTELES, SANATORIOS E CLINICAS EN	

REXIME DE INTERNADO	
POR CADA HABITACION	3,71
CUOTA MINIMA	56,68
CUOTA MAXIMA	519,68
GRUPO F CASA DE HOSPEDES, PENSIONS, FONDAS, HOSPEDERIAS, HOSTAIS	
POR CADA HABITACION	2,84
CUOTA MINIMA	37,97
CUOTA MAXIMA	519,68
GRUPO G CENTROS CULTURAIS OU DOCENTES	
POR CADA 100 M2 DE EDIFICIO OU FRACCION	10,39
POR CADA 500 M2 DE ZONA EXTERIOR OU FRACCION	1,89
CUOTA MINIMA	34,39
GRUPO H RESTAURANTES	
CADA 75 M2 OU FRACCION ATA 500 M2	29,65
CADA 100 M2 ADICIONAIS OU FRACCION DE 500 A 2500 M2	14,83
CADA 500 M2 OU FRACCION EN ADIANTE	7,34
TASA MINIMA	55,02
GRUPO I TALLERES (CARPINTERIA, MECANICOS, CALZADO, ALUMINIO...)	
GASOLINERAS, INDUSTRIAS EN XERAL (NON DEDICADAS A FABRICACION)	
POR CADA 50 M2 OU FRACCION ATA 1,000 M2	11,32
POR CADA 500 M2 QUE EXCEDAN DE 1.000 M2	19,74
TASA MINIMA	22,83
GRUPO J FABRICAS	
CADA 75 M2 OU FRACCION ATA 2500 M2	11,43
CADA 100 M2 OU FRACCION ATA 5000 M2	5,65
CADA 500 M2 OU FRACCION EN ADIANTE	3,79
CUOTA MINIMA	37,91
GRUPO K GARAXES E APARCAMENTOS	
POR CADA 25 M2 OU FRACCION	5,2
TASA MINIMA	10,39
GRUPO L VIVENDAS, APARTAHOTELES	



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO
(Pontevedra)

POR CADA VIVENDA	15,14
GRUPO M PELUQUERIAS, FARMACIAS, DESPACHOS, GESTORIAS, ACADEMIAS DE ENSEÑANZA E PEQUENO COMERCIO EN XERAL	
POR CADA 50 M2 OU FRACCION	5,65
CUOTA MINIMA	11,46
GRUPO N CARNICERIAS, PESCADERIAS, PASTELERIAS, PANADERIAS OU SIMILARES	
CADA 25 M2 OU FRACCION ATA 150 M2	6,85
CADA 50 M2 ADICIONAIS OU FRACCION	3,48
CUOTA MINIMA	27,52
GRUPO O ALMACENS (SÓ ALMACENAXE)	
CADA 100 M2 OU FRACCION ATA 500 M2	8,72
CADA 500 M2 ADICIONAIS OU FRACCION	5,2
CUOTA MINIMA	34,55
GRUPO P VIVEIROS DE PLANTAS E SIMILARES	
CADA 100 M2 OU FRACCION ATA 500 M2	8,72
CADA 500 M2 ADICIONAIS OU FRACCION	5,2
CUOTA MINIMA	34,55
GRUPO R: GRANXAS AGRICULAS	
POR CADA EXPLOTACION INFERIOR A 2,000 M2	30,26
POR CADA 500 M2 ADICIONAIS	3,95

As vivendas e establecementos que sen encontraren instalados a distancia superior a 100 m. do punto máis cerca do itinerario establecido verá reducida a súa cota nun 50%.

As vivendas e establecementos que se encontraren instalados a distancia superior a 500 m. do punto máis cerca do itinerario establecido estará exento.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Devengo

1.- Devéngase esta Taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada natureza da recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo de tratamento e eliminación dos residuos sólidos urbanos.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data que se realice o feito imponible.

Artigo 8º. Declaración e Liquidación

1.- A Taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.

2.- Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude darase de alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase a mesma ós interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.- Unha vez producida alta no correspondente padrón a liquidación desta Taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc.).

Artigo 9º. Ingreso

1.- As cotas desta Taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presenta-la correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente padrón.

2.- Unha vez producida a alta, a Taxa exaccionarase por padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que sinala a tarifa da Taxa, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos Regulamento de Recadación ou no que sinala a Alcaldía-Presidencia.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita.

- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e xurdirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de Xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdición Contencioso-administrativa.



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO
(Pontevedra)

3).- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 25 do TRLRHL aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, acorda a imposición e ordenación da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 e 36 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º. Responsables

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

PREZOS POR CONSUMO	€/trimestre			
				2013
USO DOMESTICO-CONDICIONAL DOMESTICO				
0-30 M3				0,240
31-60 M3				0,292
61-100 M3				0,346
> 101 M3				0,679
USO COMERCIAL-CONDICIONAL COMERCIAL				
0-30 M3				0,332
31-60 M3				0,386
61-100 M3				0,439
> 101 M3				0,880
USO INDUSTRIAL-CONDICIONAL INDUSTRIAL E PROVISIONAL				
0-120 M3				0,332
121-240 M3				0,386
> 241 M3				0,439
CUOTAS FIXAS TRIMESTRAIS				
USO DOMESTICO				12,414
USO COMERCIAL				12,466
USO INDUSTRIAL				42,073
CONDICIONAL DOMESTICO E COMERCIAL				24,831
CONDICIONAL INDUSTRIAL				83,905
PROVISIONAL VIVENDAS UNIFAMILIARES				25,673
PROVISIONAL RESTO EDIFICACIONES				57,376
DEREITOS DE ACOMETIDA				
POR CADA INSTALACION A VIVENDA				141,281
POR CADA INSTALACION COMERCIAL				237,600
POR CADA INSTALACION INDUSTRIAL				333,935
POR CADA INSTALACION PROVISIONAL				214,060
FIANZA OU DEPOSITO				
POR CADA INSTALACION PROVISIONAL				428,110
BAIXAS POR SUMINISTRO				
POR USO DOMESTICO OU CONDICIONAL				23,558
POR USO COMERCIAL OU CONDICIONAL				47,140
POR USO INDUSTRIAL OU CONDICIONAL				70,710
POR USO PROVISIONAL				117,850
TASA POR BOMBEO CON GRUPO DE PRESION				
Incremento de cada m3 en tódolos bloques				0,110
TASA POR ALQUILER DE CONTADORES				
13 mm.de diametro				2,664
15 mm.de diametro				2,894
20 mm.de diametro				3,628
25 mm.de diametro				5,301
30 mm.de diametro				7,072
40 mm.de diametro				10,751
50 mm.de diametro				19,154
65 mm. de diametro				25,700
TASA POR CAMBIO DE TITULAR				
POR CADA CAMBIO DE TITULAR				35,162



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO **(Pontevedra)**

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se percibirá a partir dese mesmo momento.

Artigo 8º. Liquidación

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

- Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.

- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

• Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e xurdirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICION FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdición Contencioso-administrativa.

4).- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO.

Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas por os artigos 133.2 e 142 da Constitución e por o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais este Concello establece a taxa de Saneamento, que se rexerá por a presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2º.- FEITO IMPÓÑIBLE.

- Constitúe o feito imponible da taxa:



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO **(Pontevedra)**

A actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida a Rede de sumidoiros municipal.

A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da Rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2. Non estarán suxeitas a taxa as fincas derrubadas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso da rede de sumidoiros.

Artigo 3º.- SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

Cando se trate da concesión de licenza de acometida a rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.

No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior os ocupantes ou usuarios das fincas do término municipal beneficiarios dos mencionados servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

–En todo caso, terán a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante o usuario das vivendas ou locais o propietario dos inmobles, os que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- RESPONSABLES.

– Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria.

– Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos ou sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente establecidos en normas con rango de Lei ou os derivados de Tratados ou Acordos Internacionais.

Artigo 5º.- COTA TRIBUTARIA.

A cota desta Taxa será a seguinte trimestralmente:

U S O	€/trimestre	MODULO	2013
DOMESTICO		Todos	22,75
COMERCIO EN XERAL, OFICIÑAS, DESPACHOS PELUQUERIAS, INDUSTRIA ARTESANAL		Todos	13,49
RESTAURANTES		0-200 m2	44,96
RESTAURANTES		201-300 m2	89,89
RESTAURANTES		> 300 m2	161,78
CAFETERIAS, BARES, PUBS E SIMILARES		0-50 m2	26,98
CAFETERIAS, BARES, PUBS E SIMILARES		51-100 M2	53,90
CAFETERIAS, BARES, PUBS E SIMILARES		>100 m2	97,11
HOTEIS, HOSTAIS, SANATORIOS E SIMILARES		Habitación	4,50
CENTROS DOCENTES, GUARDERIAS, CENTROS RECREATIVOS, SÁS DE FESTA E SIMILARES		0-1000 m2	44,96
CENTROS DOCENTES, GUARDERIAS, CENTROS RECREATIVOS, SÁS DE FESTA E SIMILARES		1001-2500 m2	67,43
CENTROS DOCENTES, GUARDERIAS, CENTROS RECREATIVOS, SÁS DE FESTA E SIMILARES		> 2500 m2	112,35
SUPERMERCADOS, GRANDES SUPERFICIES		101-500 m2	22,48
SUPERMERCADOS, GRANDES SUPERFICIES		501-1000 m2	44,96
SUPERMERCADOS, GRANDES SUPERFICIES		> 1000 m2	89,89
TALLERES, ALMACENS E SIMILARES		Todos	22,48
FABRICAS E INDUSTRIAS EN XERAL CON USO DE AUGA NO PROCESO PRODUCTIVO		Todos	134,85
DEREITOS DE ACOMETIDA POR CADA INSTALACIÓN DE VIVENDA POR CADA INSTALACION DISTINTA DE VIVENDA			65,63 107,62
DOMESTICO EN OBRA (por vivenda)			22,75
A taxa devengarase dende a solicitude de conexión ata a obtención da licencia de 1ª ocupación sendo o promotor o obrigado tributario.			
FABRICAS E INDUSTRIAS CON ALTO CONSUMO DE AUGA			134,85
		€/m3	0,30

Se a industria consume só auga da rede municipal os m3 serán equivalentes aos consumidos no contador de auga.

En caso de dispor de consumo propio os m3 serán os medidos polo contador-medidor do verquido que a



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO

(Pontevedra)

industria instale ao efecto.

Artigo 6º.- EXENCIONES E BONIFICACIONES.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa que non veñan establecidas en tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 7º.- DEVENGO.

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impoñible entendéndose iniciada:

– Na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo o formulase expresamente.

– Dende que teña lugar a efectiva acometida a Rede de sumidoiros Municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen perxuízo e sen perxuízo da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e de depuración, teñen carácter de obrigatorio para todas as fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros e se devengará a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida a Rede.

Artigo 8º.- LIQUIDACIÓN

1. Cando se presente a solicitude de licenza de acometida liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo.

2. Se se realiza a acometida sen realizar solicitude procederase a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación, sen perxuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3. Unha vez autorizada a acometida a xestión e recadación desta taxa acomodarse a o procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula... etc.)

Artigo 9º.- INGRESO.

– As cotas desta taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo.

– Cando se realice a acometida sen mediar solicitude esixirase nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación.

– Cando a taxa se exaccione por Padrón esixirase no período sinalado na tarifa o, no seu caso, no que acorde o Alcalde ou Xunta de Goberno Local e o ingreso farase efectivo no +RXR para os valores recibo.

– Os ingresos efectuaranse na Depositaria municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente.

Artigo 10º.- INFRACCIONES E SANCIONES.

Nesta materia estarase a o disposto no artigo 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdición Contencioso-administrativa.

5).- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE VERTEDEURAS A REDE DE SUMIDOIROS DO CONCELLO DE POIO.

-Modifícanse as tarifas da taxa de análises, inspección e informes que figuran no Anexo IV do Regulamento, debendo axustarse ás seguintes contías.

Parámetros	2013
PH	5,60
Conductividade	5,60
Sólidos en suspensión totais	16,99
D.B.O.5	35,50
D.Q.O.	28,54
Fósforo total	15,72
Nitróxeno amonacal	13,27
Sulfuro	19,62
Aceites e graxas	67,35
Recollida e envío mostra laboratorio	98,24
Subtotal	306,43
IVE 21% (*)	64,35
Total	370,78
Por inspección e informe	190,43
IVE 21% (*)	39,99
Total	230,42
PARAMETROS	
Aluminio	36,13
Arsénico	54,19
Bario	36,13
Boro	18,06
Cadmio	36,13
Cromo hexavalente	25,29
Cromo total	36,13
Ferro	25,29
Manganeso	25,29
Níquel	36,13
Mercurio	54,19
Chumbo	36,13
Selenio	54,19
Estaño	49,70
Cobre	25,29
Zinc	25,29
Cianuros totais	58,04
Cloruros	16,26
Sulfitos	46,52
Sulfatos	28,89
Fluoruros	28,89
Fenois totais	32,79
Aldehidos	43,35
Deterxentes	33,74
Pesticidas	481,54
Toxicidade	154,99



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellodepoio.es

CONCELLO DE POIO
(Pontevedra)

Terceiro.- Publicar o preceptivo anuncio no BOP de Pontevedra nos termos do art. 17.4º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de forma que a modificación entrará en vigor unha vez se produza dita publicación, a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que contra o presente acordo tan so poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo a partir da súa publicación no BOP, na forma e prazos marcados nas normas reguladoras de tal xurisdición.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as nove horas e doce minutos levantándose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Publicase, no taboleiro de anuncios deste Concello, o contido dos acordos adoptados nesta sesión, de conformidade co disposto no art. 229 do ROF e RXEL, para xeral coñecemento de tódolos interesados nos respectivos acordos, ós efectos de que poidan interpoñer, directamente e no prazo de dous meses, desde a publicación, contando a partir da exposición ao público no taboleiro de anuncios, o recurso Contencioso-Administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, en relación cos artigos 109 c) e Disposición Derrogatoria 2 c), da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; podendo interpor, pola súa conta, calquera outro recurso, que estime conveniente, entre eles o recurso de revisión ante o Concello, por erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, de conformidade co artigo 118, da Lei 30/92; todo isto de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, en relación co art. 211 do ROF e RXEL.; podendo os interesados interpor calquera outro recurso que estimen conveniente.

Poio, 02 de xaneiro de 2013
A secretaria xeral.

Paula Ramos Díaz